

O día 26 de Outubro, as 6 do serán, na cafetería "Manhattan Plaza", dous compañeiros gais foron abertamente discriminados pola súa orientación sexual, sendo-lles reiteradamente negado o servizo e impedíndose-lles o acceso ao libro de reclamacións. Posteriormente un grupo de membros de este colectivo - fixeron acto de presenza na referida cafetería e requiriron pacificamente os servizos a os que está destinada, recibindo como única resposta a mesma despectiva actitude por parte dos encargados do local que interpretaban a súa mera presenza - como motivo de escándalo público, aducindo non se sabe que - pretendidas razóns de moralidade social, defensa das boas - costumes, etc.

Pola nosa banda non podemos por menos que escandalizarnos ante tan infundados, peregrinos e capciosos argumentos.

Fora do anecdotismo do suceso, a sorpresa que nos producen feitos de este calibre soe estar xustificada polo a frecuencia con que lamentablemente se producen nunha sociedade saturada de prexuízos, condicionamentos morales e tabús de toda crase. Unha sociedade con un aparato de poder que invoca o seu mesmo carácter oscurantista para pisotear deliberadamente os dereitos máis elementais da persoa.

Non recoñecer a lexítima facultade do individuo a escoller o estilo de vida pública que máis lle convenza, a elixir libremente o seu adorno persoal, etc, constitúe un flagrante atentado contra da liberdade de expresión e un intolerable menoscabo da integridade da persoa. a des seus dereitos

Por todo o cal solicitamos do voso apoio e vos pedimos que - promovades un boicot activo ao "Manhattan Plaza" así como vos exortamos a criticar e denunciar calquer tipo de manifestación discriminativa da persoa e dos seus dereitos e liberdades fundamentais.

**BOICOT AO MANHATTAN PLAZA!
CONTRA TODA DISCRIMINACION POR MOTIVO DA ORIENTACION
SEXUAL DA PERSOA**

C.G.C.

(Colectivo Gai da Coruña)